

Unidade 11. Donovan, o unicornio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

No tempo das cousas
que parecían couselos...
...naceu dentro da carabuña
dun pexego
unha cadela de frade.

E tan pronto como lle quedou
pequena aquela casiña,
falou para si:
—Deixarei este burato profundo
e irei de excursión polo mundo!

Efectivamente, ó día seguinte,
moi de mañá, asomou o fociño
e mirou por primeira vez
no espello dunha gota de
orballo
o seu traxe de verniz.
Vendo entón as bonitas tesoiras
que tiña por rabo, exclamou:
—Quero ser deseñadora
para cortar vestidos de hora en
hora!

Xoán BABARRO

1. Colorea da mesma cor as palabras que rematan igual.

profundo	camiño	deseñadora	fociño
segundo	hora	mundo	pintora

Unidade 11. Donovan, o unicornio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

2. Que eran segundo o poema?

- A carabuña era _____
- Unha gota de orballo _____
- As tesoiras _____

3. Por que a cadelinha de frade decidiu saír de excursión polo mundo?

4. Pensa na cadelinha de frade e escribe verdadeiro (V) ou falso (F).

- A súa casiña era unha carabuña.
- O seu traxe era de luz e sol.
- Viuse por primeira vez nunha gota de orballo.
- Asomou o fociño unha tarde de verán.

5. Que che gustaría ser a ti? Por que?

Unidade 11. Donovan, o unicornio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

6. Completa a táboa cos verbos e engade un máis de cada clase.

tirou perderemos tapa orballou escribirá colecciona

presente	pasado	futuro

7. Observa a ilustración e escribe unha oración en presente, pasado e futuro sobre ela.



- Presente: _____
- Pasado: _____
- Futuro: _____

8. Rodea o suxeito, subliña o predicado e di se a oración está en presente, pasado ou futuro.

- A veterinaria pasea pola rúa. _____
- Os galos cantaron cedo. _____
- O avión chegará á unha. _____

Unidade 11. Donovan, o unicornio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

9. Completa a táboa.

Palabra rematada en z	Plural

10. Escribe os nomes.



11. Escolle dúas palabras da actividade anterior e escribe unha oración con cada unha.

• _____.

• _____.

Unidade 11. Donova, o unicornio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

12. Coa axuda dun calendario completa a táboa co nome do día da semana.

onte	hoxe	mañá
	23 de abril	
	15 de maio	
	30 de xuño	
	10 de xullo	
	3 de agosto	

13. Ordena as letras para formar nomes de meses do ano.

x l l u o → _____

t e m s b o r e → _____

b o r d c e m e → _____

b r o e i f e → _____

t o a g o s → _____

14. Escribe o nome dos meses do ano que faltan.
